

## **NORMATIVA DE XESTIÓN DE RECURSOS LIBERADOS DISPOÑIBLES NOS PROXECTOS DO PROGRAMA HORIZONTE 2020**

O programa de I+D+i Horizonte 2020 da Unión Europea presenta diferenzas con respecto ao anterior VII Programa Marco no relativo as condicións de financiamento das accións subvencionadas. A súa entrada en vigor fai polo tanto necesario revisar os procedementos que se estaban a utilizar na Universidade de Vigo na xestión deste tipo de proxectos.

No programa Horizonte 2020 todos os proxectos están financiados na modalidade de custos totais, e na maioría dos casos as convocatorias establecen unha porcentaxe de custos indirectos do 25%, calculado co respecto ao total dos custos directos exceptuando os gastos de subcontratacións. Por outra banda, a porcentaxe de financiamento dos proxectos é do 100%, incluíndo os custos do persoal propio. Os cambios con respecto ao VII Programa Marco fan que, na maioría dos proxectos, exista unha diferenza significativa entre a cantidade a desembolsar pola Universidade para a execución do proxecto e a cantidade ingresada en concepto de subvención. Estes recursos son xustificados á Unión Europea, e polo tanto cada institución é libre de darlles un uso determinado segundo as súas propias liñas estratéxicas.

A presente normativa describe o procedemento para a xestión dos recursos libres xerados nos proxectos do programa Horizonte 2020. Co obxectivo de incentivar a participación do persoal investigador da Universidade de Vigo en accións deste programa, a metodoloxía proposta permite que unha parte significativa destes recursos quede a disposición dos equipos de investigación, que poderán utilizalos de xeito libre en actividades de I+D+i derivadas ou non do proxecto. Inclúese tamén a posibilidade de facer pagamentos persoais ao persoal investigador coas limitacións marcadas pola regulamentación vixente relativa a retribucións do profesorado universitario, aínda que esta normativa pretende incentivar de xeito particular que os recursos xerados se utilicen en actividades de I+D+i que poidan ter unha maior repercusión na sociedade: a mellora dos resultados de I+D+i da institución, a creación de emprego, e, en definitiva, a xeración de coñecemento.

## 1. *Condicións de financiamento dos proxectos do programa Horizonte 2020*

Todos os proxectos están financiados na modalidade de custos totais.

O programa Horizonte 2020 establece na maioría das accións propostas unha porcentaxe de custos indirectos do 25%, calculado co respecto ao total dos custos directos, exceptuando os gastos de subcontratacións. Así mesmo, indícanse como custos non elixibles as amortizacións parciais dos inventariables, os gastos de mensaxería, e os custos rexeitados en auditorías, entre outros.

A porcentaxe de financiamento en todos os proxectos é do 100%, incluíndo os custos das horas de traballo dedicadas polo persoal propio.

## 2. *Definición e usos dos Recursos Liberados Dispoñibles (RLD)*

Os Recursos Liberados Dispoñibles (RLD) están constituídos pola diferenza entre a cantidade a desembolsar pola Universidade para a realización do proxecto e a cantidade ingresada en concepto de subvención da Unión Europea.

En primeiro lugar, os RLD serán empregados para cubrir os custos non elixibles dos proxectos (amortizacións parciais de inventariables, mensaxeiros, custos rexeitados polas auditorías, etc.) e os custos indirectos aplicables pola Universidade de Vigo. A porcentaxe de custos indirectos que se aplicará nos proxectos do programa Horizonte 2020 é do 15% da subvención, excepto en aqueles casos nos que as convocatorias correspondentes especifiquen condicións particulares (p.ex. accións Marie S. Curie).

Da cantidade restante unha vez retidos os devanditos custos, dous terzos quedarán á disposición do persoal investigador do proxecto e o terzo restante será retido pola Universidade. O/A investigador/a principal do proxecto será o/a responsable de definir o destino dos fondos asignados ao equipo investigador, que poden ser empregados de xeito libre en actividades de I+D+i derivadas ou non do proxecto. Así, poden imputarse co cargo a estes fondos:

- Material funxible, incluíndo material informático e de oficina
- Material inventariable
- Contratación laboral de persoal
- Desprazamentos e indemnizacións por razón de servizo
- Custos de reparacións e mantemento de equipos e instalacións
- Servizos dos Centros de Apoio á Investigación da Universidade de Vigo
- Contratación de servizos externos
- Inscripcións a congresos e cursos, traducións, material promocional
- Outros gastos de execución

Non é posible o financiamento de bolsas con cargo a estes fondos: a vinculación de persoal debe realizarse a través de contratos laborais.

En todos os casos, deberase ter en conta a normativa vixente da Universidade e os procedementos de tramitación que correspondan.

Adicionalmente, poderán imputarse co cargo aos fondos asignados ao equipo investigador retribucións persoais ao persoal investigador implicado no proxecto. Neste caso, aplicarase una detracción adicional dun 20% dos pagamentos realizados, en concepto de custos indirectos. Ademais, os pagamentos terán como límite o indicado no Real Decreto de retribución máxima do profesorado ou normativa correspondente.

### 3. *Cronograma de utilización dos Recursos Liberados Dispoñibles (RLD)*

Os RLD postos a disposición do equipo investigador poderán utilizarse durante o período de execución do proxecto e ata un ano despois da finalización do mesmo. Procederase á dotación dos RLD segundo o cronograma seguinte, axustado aos períodos de xustificación de gastos dos proxectos:

- Ano 1: non hai dotación dos RLD
- Ano 2: unha vez realizada a primeira xustificación de gastos, calcularanse os RLD xerados no período transcorrido e dotarase o 50% dos mesmos
- Ano 3 e seguintes: unha vez realizada a xustificación de gastos correspondente, dotarase o 50% restante dos RLD xerados na anualidade anterior, e o 50% dos RLD xerados na anualidade presente
- Final do proxecto: realizadas todas as xustificación de gastos, e coñecido polo tanto o importe total dos RLD, dotarase o resto dos mesmos.

As dotacións correspondentes aos RLD estarán dispoñibles durante toda a duración do proxecto e e ata un ano despois da finalización do mesmo. O total dos remanentes correspondentes será incorporado dunha anualidade á seguinte. En calquera momento deste período, o/a investigador/a principal do proxecto pode solicitar a incorporación total o parcial destes fondos a un o varios *Programas soporte á xestión económica de grupos de investigación* vixentes, quedando suxeito á normativa correspondente que regula esta ferramenta.

### 4. *Proxectos de outros programas internacionais*

No caso de subvencións de outros programas internacionais diferentes do Horizonte 2020, pero con similares principios de financiamento (custos totais, posibilidade de xeración de RLD), aplicarase, por analoxía, a metodoloxía descrita na presente normativa sempre que sexa posible.